

XI CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ

Área Termal de Barbantes Estación, Cenlle

4 de maio de 2019



XI CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ. CENLLE, 4/5/2019

1. ORGANIZACIÓN

Os clubs A. D. Limiactiva y Peña Trevinca Barco organizan este campionato coa colaboración da FEGADO (Federación Galega de Orientación).

2. DATA

Sábado 4 de maio de 2019.

3. LUGAR

Área Termal de Barbantes Estación, Concello de Cenlle (42.335617, -8.011518).

Mapa de Laias-Cenlle na bisbarra do Ribeiro, homologado segundo normas IOF. A zona de secretaría estará ubicada dentro do Campo de Fútbol de Barbantes-Estación, a 500m da zona de pre-saída. A meta estará a 500m (aprox) da secretaría.

A zona de aparcamento será na explanada que hai antes de chegar ao campo de fútbol de Barbantes-Estación (ver ANEXO 1).

4. HORARIO

- 10:00: Apertura da secretaría (entrega de dorsais e pinzas electrónicas).
- 11:00: Saída do primeiro participante.
- 14:00: Entrega de medallas.

5. RECOLLIDA DAS PINZAS SPORTIDENT

O responsable de centro educativo recollerá na secretaría as pinzas electrónicas e entregarallas aos seus alumnos.

Unha vez rematada a competición os responsables deberán devolvelas todas xuntas na secretaría.

6. PARTICIPANTES

Poderán participar os 10 primeiros clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais Escolares 2019, nas súas respectivas categorías, sumando un total de 40 orientadores por provincia.

No caso de non completarse o cupo de 10 corredores por categoría os responsables dos clubs organizadores do Campionato Provincial poden incluír orientadores non clasificados entre os 10 primeiros ata completar o cupo fixado para a categoría correspondente. Para iso inscribirá preferentemente a corredores do mesmo centro que deixe a vacante ou vacantes.

Naqueles casos nos que os tres mellores centros escolares de cada provincia non tivesen clasificado un mínimo de tres orientadores entre os 10 primeiros de cada categoría, poden inscribir cando menos a 3 orientadores na categoría correspondente.

Os orientadores federados con licenza da tempada 2019, nados nos anos indicados, aínda que non tivesen acadado nos ditos postos poderán participar igualmente no Campionato Galego na categoría que lles corresponda por idade.

7. INSCRICIÓN

Gratuita para todos os participantes, facéndose cargo a FEGADO dos costes da mesma.

O responsable do club organizador de cada Campionato Provincial realizará a inscrición dos corredores correspondentes á súa provincia utilizando para iso o formulario Excel que figura na páxina web da FEGADO acompañando a este boletín. O prazo para enviar por e-mail a ori.trevinca@yahoo.es o listado de inscritos remata o venres, 26 de abril, ás 14:00 horas.

8. LICENZA

Para poder participar é necesario estar en posesión da licenza federativa de tempada ou de proba/día. Os orientadores sen licenza de tempada que non saquen esa licenza correrán con licenza de proba/día, facéndose cargo a FEGADO do coste da mesma (2,00 €).

9. DESPRAZAMENTO

A cargo dos participantes

10. CATEGORÍAS

- INFANTIL FEMININO (nadas en 2005 e 2006)
- INFANTIL MASCULINO (nados en 2005 e 2006)
- CADETE FEMININO (nadas en 2003 e 2004)
- CADETE MASCULINO (nados en 2003 e 2004)

11. PERCORRIDOS

Haberá catro percorridos, un para cada categoría.

- INFANTIL FEMININO
Controis: 14 • Distancia: 2,2 km • Desnivel: 10 m
- INFANTIL MASCULINO
Controis: 14 • Distancia: 2,6 km • Desnivel: 10 m
- CADETE FEMININO
Controis: 16 • Distancia: 3,4 km • Desnivel: 30 m
- CADETE MASCULINO
Controis: 17 • Distancia: 3,7 km • Desnivel: 40 m

12. MAPA

Empregarase o Mapa de LAIAS-CENLLE a escala 1:5000 con equidistancia de 5m, realizado por Alexandre Dos Reis durante o verán de 2013. Revisión de campo e actualización parcial en marzo de 2019 por Martín Morales.

Comprende unha zona de bosque ribeirán cunha boa rede de camiños e pequenas elevacións con bosqueciños de mediana penetración e abundancia de terreo aberto; alternando con zonas de repoboación e cultivos. Recoméndase a utilización dos camiños na hora de facer ás transicións entre os puntos de control (balizas).

13. REGULAMENTO

A proba será de tipo individual contrarreloxo e desenvolverase na modalidade de orientación en liña. O participante terá que pasar obrigatoriamente por todos os controis seguindo a

orde numérica consecutiva marcada.

- Só pódese usar unha búxula analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Esta prohibido usar calquera outro aparello electrónico de axuda á navegación.
- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.
- É obrigatorio pasar pola meta aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.
- Non esta permitido seguir a outros participantes.
- Non esta permitido falar con outros participantes.
- Hai que respectar ás normas de circulación vial.
- Na meta recolleraselle o mapa a cada participante, ata que todos os participantes tomen á saída.

As normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a XXVIII Liga Galega de orientación a Pé do 2019.

14. SISTEMA DE CONTROL

Por medio de Pinza Electrónica Sportident. En caso de fallo do sistema Sportident o participante deberá marcar con pinza tradicional nas casiñas impresas (R1, R2, R3) no propio mapa para así certificar o paso polo control correspondente. O club organizador asignará gratuitamente unha pinza electrónica a todo orientador que non a teña.

15. POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

• Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por **erro en tarxeta**.

• Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) Sportident ao rematar.

Todo corredor debe picar o punto meta (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización. Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata a hora de peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados **fóra de control**.

• Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta

Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ao introducirlle a pinza

sportident. Esta descualificación inclúe todas as posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nin son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

• Corredor que entra en meta e non pica

Todo corredor que entre en meta e non pique o punto meta, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ao terreo.

RECORDATORIO:

- Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- Comprobar que o código da estación que "picamos" pertence ao noso percorrido porque pode haber balizas próximas.
- Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén "perdido" no monte.

16. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

Faranse catro clasificacións, unha por cada unha das categorías. **Levaran premio os tres primeiros clasificados de cada categoría.**

17. CLASIFICACIÓN POR CENTROS ESCOLARES

Farase unha clasificación por centros escolares que se obterá a partir de 8 puntuacións: 2 infantís femininas, 2 infantís masculinas, 2 cadetes femininas e 2 cadetes masculinas). Daráselle un punto ao primeiro clasificado, dous ao segundo, tres ao terceiro, e así sucesivamente. Gaña o centro que menos puntos obteña na suma de ditas puntuacións.

18. ALGUNHAS NORMAS E RECOMENDACIÓNS

- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa.
- A carreira é individual. Non está permitido seguir a outros corredors.
- **É unha competición que se debe realizar en silencio.**
- Os orientadores teñen que ser respectuosos co medio natural polo que non deben tirar lixo ao chan en toda a zona de competición.
- Levar unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.

19. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE (LECTURA OBRIGATORIA)

Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

XI CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ. CENLLE, 4/5/2019

Todos os participantes que tomen a saída están obrigados a pasar polo control de meta, aínda no caso de que non completen o percorrido, e descargar a súa tarxeta SportIdent no lugar previsto pola organización para garantir que non quede ninguén no monte.

Lémbrese a todos os participantes que están obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descalificación.

- Coidado coas zonas con auga. Poden ser perigosas.
- Está terminantemente prohibido cruzar a vía do tren. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descalificación.
- hai que cumprir as normas de circulación vial. A proba celébrase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algún ciclista ou paseante.
- Os campos de cultivo rodearanse polos bordes.
- En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.

- Haberá algunha estrada menor de moi escasa circulación, polas que se transitará coa máxima precaución.

- Hai que transitar coa precaución debida, especialmente nas baixadas e co chan mollado. Pode haber folla caída que tape os camiños.

- Os puntos de control estarán situados en lugares que non supoñen ningún risco para os competidores e na zona pola que transcurren os percorridos **non existe ningún perigo especial destacable, diferente do que conleva o desprazamento a través do monte: terreo irregular, vexetación rasteira, ramas no chan,...**

Haberá unha ambulancia na meta para atender a todos os corredores que o precisen.

Recordáselles aos participantes a obrigatoriedade de ofrecer axuda a todo participante que o precise por atoparse mancado.

ATENCIÓN: As duchas e a entrega de medallas terán lugar no Campo de Fútbol

ORGANIZAN



COLABORAN



ANEXO 1



Sociedad Atletica Barbantes
Lugar Barbantes, 4, 32450, Ourense
(42.336353, -8.011889)